

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 7 de outubro de 2022

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día sete de outubro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D.Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado *D. Carlos López Font*, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32162.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación dos borradores das actas das sesións ordinarias dos días 23 e 30 de setembro 2022.

2.32163.- APROBACIÓN DAS SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA “ACTUACIÓNS NO ÁMBITO SOCIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2022 – CSX B/22” (Expte.2022003647)

1º.- A Deputación Provincial de Pontevedra, publicou as bases reguladoras para a concesión de Subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social 2022, no marco das súas competencias, para prestarlle o seu apoio ás entidades de iniciativa social no eido dos servizos sociais especializados. Estas entidades teñen como obxectivo a realización de proxectos ou actividades dentro da provincia orientadas á intervención, asistencia, integración social e laboral, prevención e promoción do benestar daqueles colectivos que, atendendo ás súas especiais circunstancias, precisan dunha maior especificación técnica e interdisciplinar na súa intervención.



O obxecto das Bases reguladoras da convocatoria é regular o procedemento para a concesión de axudas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social, para o desenvolvemento, na provincia de Pontevedra, de actuacións de atención especializada dirixidas a persoas en situación de especial vulnerabilidade.

2º.- O Servizo de Cohesión Social e Xuventude, determina a proposta de resolución da convocatoria: tendo en conta que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia competitiva, e a valoración aplicada a cada expediente foi realizada en base aos criterios e as valoracións fixados na Base décimo cuarta das bases reguladoras desta Convocatoria, aplicando o algoritmo da plataforma de subvención facilitado polo Servizo de Novas Tecnoloxías para obter o reparto que figura no listado adxunto (CSV: 29TFLCFOJEA1LVBY), relación que foi sometida a estudo da Comisión de Valoración.

A proposta das 117 solicitudes que forman parte do procedemento, trasládase á comisión de avaliación, quen emite o pertinente informe, previo á aprobación definitiva da concesión das subvencións por parte do órgano competente.

3º.- Con data 23 de setembro de 2022, Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente de valoración das 106 solicitudes admitidas a trámite á convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social 2022, e deixa constancia da existencia de crédito dispoñible para facer fronte a este gasto por importe de 470.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/231.2313.480.02, do vixente orzamento provincial, onde existe crédito retido no documento “RC” núm. 202200019160, e indicando que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Base Décimo Quinta da convocatoria destas subvencións, así como na base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

De acordo cos antecedentes citados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A concesión das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social (CSX_B/22) para os 106 expedientes aprobados que se axuntan como anexo a este informe (RELAC/2022000059), por un importe total de 470.000,00 € con cargo á aplicación 22/231.2313.480.02 do vixente orzamento provincial.

2.- Aprobar a renuncia presentada pola Asociación APEGO, con CIF G16813438, nº de expediente 2022026305, motivando “(...) a Asociación APEGO renuncia á solicitude desta subvención o ser incompatible con outra do concello o que pertence (...)”



3.- Desestimar 10 solicitudes para a convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social (CSX_B/22) que se detallan a continuación con indicación da súa causa:

| EXPEDIENTE | SOLICITUDES EXCLUÍDAS NON CUMPRIR A BÁSE NOVENA DA CONVOCATORIA | |
|------------|---|--|
| 2022025090 | G94125648 | ASOCIACION TDAH SALNÉS |
| 2022027775 | G25726316 | FUNDACIÓ ISIDRE ESTEVE |
| 2022029023 | G94000379 | ASOCIACIÓN ASISTENCIAL SOS TOMIÑO-BAIXO MIÑO |
| 2022027789 | G36591832 | ASOCIACION DE SOLIDARIDAD SAN ROQUE |
| EXPEDIENTE | SOLICITUDES EXCLUÍDAS NON ACADAN PUNDUACIÓN MÍNIMA | |
| 2022027786 | G27852532 | ASOCIACIÓN PAVEGAL |
| 2022033713 | G36632081 | ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR |
| 2022029019 | G27862507 | ASOCIACION BENEFICA UNIDA SOLIDARIA |
| EXPEDIENTE | SOLICITUDES NON OBXECTO DE SUBVENCIÓN | |
| 2022033742 | G36796142 | ASOCIACION SODINAUTICA |
| 2022025089 | G27745397 | FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO |
| 2022025084 | R3600388G | MISIÓN DEL SILENCIO |

4.- Autorizar a vinculación de persoal ou servizos externos contratados nos seguintes expedientes, segundo se establece na Base Décimo Novena para a subcontratación parcial da actividade subvencionada:

- 2022025094 G36254811 ASOC. ALCOHOLICOS REHABILITADOS
- 2022026364 G27845833 FUNDACIÓN AMEDIS
- 2022026417 G36456317 ASOCIACIÓN PARKINSON
- 2022027788 G36525293 FUNDACIÓN LAS SAMARITANAS A GUARDA
- 2022029025 G36816106 ASOCIACIÓN VIGUESA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE
- 2022033615 G27813146 ASOC GALLEGA DE AFECTADOS POR VIH/SIDA
- 2022033649 G94153053 ASOC.PARA EL DESARROLLO EDUCATIVO Y CULT.
- 2022033684 G36884708 ASOCIACIÓN VIDA DIGNA
- 2022033738 G27802818 ASOC PARA LA PROMOCIÓN DE LA SALUD AMAINA



3.32164.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS “SUBSTITUCIÓN DAS ESCALEIRAS DE EMERXENCIA DO CENTRO INFANTO XUVENIL ESCOLA FOGAR DE PRÍNCIPE FELIPE”. (Expte. 2021004064)

Resultando.- Que o Edificio Infante-Xuvenil Escola Fogar é un inmovible deseñado para aloxar e formar a aqueles menores en situación de risco ou exclusión social, co obxectivo de mellorar o benestar social e favorecer a súa integración.

Resultando.- Que a edificación, construída na década dos 70, presenta problemas na capacidade portante da estrutura así como no seu estado de conservación, detectándose corrosión xeneralizada.

Resultando.- Que para solventar os problemas detectados é necesario levar a cabo varias actuacións que, no seu conxunto, permitan dotar a edificación de escaleiras de emerxencias en bo estado, velando en todo momento pola seguridade do CPF.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada do, solicitando se inicien os trámites para adxudicación do contrato de obras “Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redáctase polo arquitecto José Manuel Fernández Barreira, o proxecto básico e de execución da obra “Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe”, cun orzamento base de licitación de 325.391,52 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 9O3KEJ5CL5EUQLRX.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento R.C., número 202100122412 por importe de 173.049,00 €, RC número 202100122414 por importe de 98.483,08 € e RC 202200145377 por importe de 53.859,44 € con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/232.2312.632.03.2020 e 22/232.2312.632.03.2021 e 22/232.2312.632.03 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/07/2022 acordou aprobar o proxecto para a execución da obra “Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro o proxecto de execución da obra “Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra”, redactado polo arquitecto José Manuel Barreira Fernández, cun orzamento base de licitación de 325.391,52 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 9O3KEJ5CL5EUQLRX.



Resultando.- Consta no expediente acta de replanteo previo e informe emitido polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que con data 12/08/2022 emitiu informe o Secretario accidental da Deputación, recollendo o seguinte “*...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente. Non obstante, e con respecto ao sinalado no apartado 10 do presente informe, debería conciliarse o sinalado no proxecto e o que consta tanto no informe de inicio do expediente como nos PCA en relación aos requisitos para acreditar a clasificación que se lle esixe ás empresas contratistas. Antes de dar comezo ás obras, cómpre contar coa licenza urbanística do Concello de Pontevedra...*”

Resultando.- Que consta no expediente dilixencia do centro xestor onde se establece a clasificación que se lle pode exixir o contratista.

Resultando.- Que ademais consta no expediente licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno do Concello de Pontevedra na súa sesión do día 05/09/2022, para a execución desta obra.

Resultando.- Que con data 29/09/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo o seguinte “*...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.*

CONCLUSIÓN: Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que “*A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante*”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “*Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.*”



Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que o 13.2 recolle que se considerará obra a realización de traballos que modifiquen a forma ou substancia do terreo o do seu voo, ou a mellora do medio físico ou natural.

Considerando.- Que a disposición adicional décimo quinta da LCSP que fai referencia ás normas relativas ós medios de comunicación utilizables nos procedementos regulados nesta Lei, recolle o seguinte: “(...) 2. A tramitación dos procedementos de adxudicación de contratos regulados na presente Lei, conlevará a práctica das notificacións e comunicacións derivadas dos mesmos por medios exclusivamente electrónicos. (...).

Considerando.- Que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, onde figura que lle compete á Xunta de Goberno a disposición e autorización dos gastos precisos para a contratación de obras que sendo competencia da Presidencia, superen o importe de dous centos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe*” cun orzamento base de licitación de 325.391,52 €, de acordo co seguinte detalle:

| | |
|---------------------|--------------|
| Importe | 268.918,61 € |
| IVE (21%) | 56.472,91 € |
| Importe total | 325.391,52 € |



2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas ó que se lle asignou o (CSV) WDSS2DWX4DJU5WP0, e o de prescricións técnicas con (CSV) 9O3KEJ5CL5EUQLRX, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 325.391,52 € con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/232.2312.632.03.2020, 22/232.2312.632.03.2021 e 22/232.2312.632.03 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

4.32165.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SUBMINISTRO DE LICENZAS MICROSOFT PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2022052888)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, nas sesións celebradas en datas 11 de marzo e 29 de xullo de 2022, acordaron declarar desertos os procedementos de contratación da renovación das licenzas do software da Deputación de Pontevedra (Exptes. nº 2021052401 e nº2022035591) a través de contratos baseados no Acordo Marco 13/2018 do Sistema Estatal de Contratación Centralizada para a subministración de servidores, sistemas de almacenamento e software de infraestruturas, por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deses contratos.

Actualmente a Deputación de Pontevedra dispón dunha ampla gama de produtos do fabricante Microsoft que son utilizados polos distintos usuarios e aplicacións desta Administración. Estes produtos se clasifican principalmente en paquetes ofimáticos, sistemas operativos, sistemas xestores de bases de datos, ferramentas de xestión de diverso tipo, sistemas de xestión de correo electrónico e ferramentas de comunicación corporativa para o persoal da Deputación de Pontevedra. Estas ferramentas dispoñen dun longo historial de uso nesta Administración e hoxe en día encóntranse totalmente integradas no traballo cotián levado a cabo polo persoal.

Os produtos que pertencen a este fabricante requiren dunha renovación periódica do seu licenciamiento. Dita renovación resulta imprescindible para que a Deputación de Pontevedra poida exercer as súas competencias segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e para facer uso destas ferramentas respectando as condicións comerciais establecidas polo fabricante, sistema pago por uso, e baixo o amparo dos servizos de soporte e mantemento ofrecidos polo mesmo. Polo tanto faise necesaria a contratación dun subministro de licencias que permitan o desenvolvemento das tarefas administrativas entre outras dentro da Deputación de Pontevedra.



Por outra parte, é importante ter en conta que algunhas destas ferramentas manteñen unha relación de dependencia con outros aplicativos internos usados por esta administración para as que se fixeron desenvolvementos de software a medida que requiren o uso concreto dalgunhas destas ferramentas. Por exemplo: o xestor de expedientes electrónicos Civas, o portal do empregado, o sistema integral de xestión tributaria e catastral do ORAL, entre outros.

Unha vez contemplados e valorados os diferentes factores como son os costes dos produtos a longo prazo, a interoperabilidade entre las aplicacións, a integración das mesmas con produtos actuais usados na Deputación, a produtividade do persoal en función das ferramentas utilizadas, a eficiencia das propias ferramentas e o soporte dispoñible para cada produto, a Deputación de Pontevedra decantouse por continuar utilizando as ferramentas deste fabricante para as suites ofimáticas e resto de produtos especificados no presente documento. Microsoft dispón dunha solución completa, homoxénea e de alta calidade, cuxos beneficios a longo prazo xustifican o coste das mesmas.

O cambio de calquera destas ferramentas por outras, cales sexa, de distinto fabricante e polo tanto funcionalidade, levarían asociado un sobre coste moi difícil de estimar relacionado coas distintas problemáticas derivadas da incompatibilidade entre ferramentas, a carencia de funcións específicas amplamente utilizadas e estendidas, a formación ao persoal nas novas ferramentas, a implantación destas e a súa adecuación e integración con outros aplicativos internos que actualmente se encontran en uso.

Por todo elo, a opción máis beneficiosa para a Deputación de Pontevedra é apostar pola renovación e continuidade de uso dos produtos actuais deste fabricante especificados no presente documento.

Non existe actualmente programas de titularidade doutras Administracións que puideran satisfacer estas necesidades, segundo o previsto no art. 157.3 da Lei 40/2015. Realizouse unha procura no directorio de solucións do Centro de Transferencia de Tecnoloxía (CTT) sendo o resultado infrutuoso.

En base ao exposto, con data 10/08/2022, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, emite informe no que, co visto e prace da Deputada, propón a contratación do subministro de licenzas Microsoft para a Deputación de Pontevedra. O contrato proposto ten un prazo de duración de 3 anos, sen posibilidade de prórrogas, e un orzamento base de licitación de 1.847.502,57 €. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 26/09/2022, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto suxeito a regulación harmonizada, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 19/08/2022, solicita o preceptivo informe á Secretaría.



Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 29/08/2022, e as observacións contidas no mesmo.

Visto que con data 31/08/2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 27/09/2022, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2015 foi aprobada a adhesión da Deputación ó sistema de contratación centralizada estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a contratación de determinados servizos e subministracións coma o presente. Neste intre, ó haber finalizado a vixencia do Acordo Marco 13/2018-Lote 3 o pasado 1 de xullo e quedar desertos os dous contratos derivados tramitados no seu día ao abeiro do citado Acordo Marco, tramitase este expediente separado. Non obstante, sinalar que debe utilizarse o sistema de contratación centralizada tan pronto volva a ser posible.”

Visto que con data 27/09/2022, a Intervención emite un documento de retención de crédito con número 202200193685 relativa a anualidade 2022 e dúas retencións de crédito para exercicios futuros número 202200193686 e 202200193687 relativa as anualidades 2023 e 2024 respectivamente, cada un dos tres por importe de 615.834,19 €. Todas as retencións foron efectuadas cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.206.00.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse en todo caso como contratos de subministración os que teñen por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, e a cesión do dereito de uso destes últimos, en calquera das súas modalidades de posta a disposición.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación da subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “*Subministro de licenzas Microsoft para a Deputación de Pontevedra*”.

O prazo de duración será de 3 anos desde a formalización do contrato.

Non se establece a posibilidade de prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 1.847.502,57 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: EZ8GDVQKBMOH2LGG) e de prescricións técnicas (CSV: QVTVNZ0TUXLKV9AN) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 1.847.502,57 € con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (con IVE) |
|------------|-------------------------|-------------------------|
| 2022 | 22/926.9260.206.00 | 615.834,19 € |
| 2023 | 23/926.9260.206.00 | 615.834,19 € |
| 2024 | 24/926.9260.206.00 | 615.834,19 € |

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2023 e 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato a Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, xefe do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



5.32166.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA E ADMINISTRATIVA EN TAREFAS DERIVADAS DA INSPECCIÓN DE TRIBUTOS LOCAIS QUE TEÑEN DELEGACIÓN EXPRESA DOS MESMOS NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2022053659)

A asistencia na prestación dos servizos de xestión e recadación tributaria, en período voluntario e executivo, os servizos de apoio á xestión financeira dos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes e a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, son competencias propias das deputacións provinciais segundo o establecido no art. 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Tendo en conta que os recursos tributarios propios dos concellos están directamente relacionados coa súa autonomía e suficiencia financeira, o ORAL propón levar a cabo tarefas de inspección de tal xeito que se xeneralicen as cargas tributarias e se regularice a situación tributaria das persoas contribuíntes.

Considerando que o ORAL desta Deputación ten asinadas as funcións de exercer as competencias delegadas polos concellos que así o fixeran en virtude do disposto no art. 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, con data 11 de agosto de 2022 a Dirección de Xestión dos Servizos do ORAL, co Vº e Prace do Deputado Delegado, emite informe proposta por medio do que solicita que se inicien os trámites oportunos para proceder á contratación dunha “Asistencia Técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais delegada na Deputación de Pontevedra – ORAL” (Expte. 2022053659) ó obxecto de prestar un mellor servizo aos municipios delegantes.

De conformidade co previsto no art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Directora de Xestión dos Servizos do ORAL xustifica no referido informe a necesidade e idoneidade do servizo, así como que “A Deputación de Pontevedra carece de medios materiais e humanos precisos para levar a cabo estas tarefas dado o volume de traballos en toda a provincia”.

O valor estimado desta contratación é de 546.143,53 €.

O orzamento base de licitación para 2 anos de contrato (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 330.416,83€, que se adecúa aos prezos do mercado:

| | |
|--|--------------|
| Orzamento base de licitación, sen IVE (2 anos) | 273.071,76 € |
| IVE (21%) | 57.345,07 € |
| Orzamento base de licitación, con IVE (2 anos) | 330.416,83 € |



Na memoria xustificativa do contrato, de data 30 de setembro de 2022, xustifícase que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo de servizos así como a elección do procedemento de adxudicación aberto suxeito a regulación harmonizada atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas.

Con data 12 de agosto de 2022 a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 22/932.9320.227.60 do vixente orzamento provincial, quedando retido o importe de 13.767,37€ mediante documento RC 202200165176.

Asemade, emite documento RCFUT1 co número de operación 202200165186 por importe de 165.208,42€ e RCFUT2 co número de operación 202200165187 por importe de 151.441,05€.

O expediente foi remitido á Secretaría Xeral con data 16 de setembro de 2022, desde onde se emitiu informe xurídico con data 28 de setembro de 2022.

Con data 04 de outubro de 2022 emitiuse informe complementario por parte da Directora de Xestión dos Servizos do ORAL sobre aclaracións e emendas realizadas na documentación preparatoria do expediente relativas ó sinalado por parte da Secretaría Xeral.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 4 de outubro de 2022. Considerando que unha vez completado o expediente o órgano de contratación ditará resolución motivada aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, dunha *“Asistencia Técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais que teñen delegación expresa dos mesmos na Deputación de Pontevedra”* (Expte. 2022053659).

O orzamento base de licitación para 2 anos de contrato (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 330.416,83€.

O valor estimado é de 546.143,53€



2.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que foi asinado dixitalmente pola Directora de Xestión dos Servizos do OARL co CSV: M82K0QZJ2H1XPJWV e o prego de cláusulas económico-administrativas (CSV: XLW0VLKVTYQHOKW0) que rexerán como lei fundamental do contrato e que obran no expediente.

4.- Autorizar o gasto por importe total de 330.416,83€ de acordo coa seguinte distribución :

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|-----------------|-------------------------|------------------------|
| 2022 (1 mes) | 932.9320.227.60 | 13.767,37€ |
| 2023 (12 meses) | | 165.208,41€ |
| 2024 (11 meses) | | 151.441,05€ |

O desglose por anualidades poderá sufrir variacións en función da data de inicio da prestación do servizo.

Os importes previstos para os gastos que se deriven do presente contrato nas anualidades 2023 e 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na referida aplicación orzamentaria así como á aprobación dos correspondentes orzamentos provinciais.

5.- Designar responsable do contrato á Xefatura do Servizo de Inspección e Procedementos Sancionadores do ORAL.

6.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

6.32167.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “REFORZO DO FIRME NA E.P. 7007 COUSO-SAN MIGUEL DE BARCALA, DENDE O P.Q. 5+683 AO P.Q. 8+071 (CONCELLO DE A ESTRADA)”.
(Expte.2022029859)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a E.P. 7007 COUSO-SAN MIGUEL DE BARCALA no termo municipal de A Estrada pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra

Resultando.- Que Logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, no treito comprendido entre o p.q. 5+683 ó p.q. 8+071, é necesario proceder a ampliación da superficie da calzada e o reforzo do firme existente entre os mencionados puntos quilométricos, co fin de



mellorar a seguridade viaria da mesma xa que actualmente o firme encóntrase bastante deteriorado, debido principalmente ás condicións meteorolóxicas, ó tráfico de vehículos e a unha deficiente drenaxe da plataforma o que ocasiona danos e perda de material en algunhas zonas.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello da Estrada)*”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro Sergio Daniel Orosa López, adscrito á empresa Proyestegal, S.L., o proxecto de execución da obra “*Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso- San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello da Estrada)*”, cun orzamento base de licitación de 829.033,11€, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) L7E1HV8MTB3QS71A.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 829.033,11 €, con número de operación 202200090287 con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de maio de 2022 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso- San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello da Estrada)*” redactado polo enxeñeiro Sergio Daniel Orosa López, adscrito á empresa Proyestegal, S.L., cun orzamento base de licitación de 829.033,11 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) L7E1HV8MTB3QS71A.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 01/07/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra “*Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de xullo de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 28/07/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)*”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.
- FRANCIGO GOMEZ Y CIA, S.

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 23/08/2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

| Licitadores | Memoria e programa de traballo | Plan de actuacións medioambientais | Puntuación sobre “A” |
|--|--------------------------------|------------------------------------|----------------------|
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. | 20,00 | 2,00 | 22,00 |
| CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. | 18,00 | 3,00 | 21,00 |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 12,00 | 2,00 | 14,00 |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 18,00 | 2,00 | 20,00 |
| NAROM, S.L. | 14,00 | 3,00 | 17,00 |
| CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 18,00 | 3,00 | 21,00 |
| HORDESCON, S.L. | 10,00 | 3,00 | 13,00 |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L. | 18,00 | 2,00 | 20,00 |
| FRANCIGO GOMEZ Y CIA, S.L. | 16,00 | 3,00 | 19,00 |



A Mesa de Contratación na súa reunión de data 01/09/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 23 de agosto de 2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

| Licitadores | Sobre B | | | | |
|--|------------------|------------------|-------------------|-----------------|------------------|
| | Oferta económica | Control calidade | Prazo de garantía | UNE-en ISO 9001 | UNE-en ISO 14001 |
| CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L. | 646.440,28 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. | 653.634,37 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 622.802,56 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 631.709,53 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| NAROM, S.L. | 629.928,13 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 597.931,57 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| HORDESCON, S.L. | 667.268,88 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L. | 637.190,74 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L. | 634.590,08 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

En virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.



Rematado o prazo do requirimento, CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., presentou escrito de xustificación da súa oferta, dando traslado do mesmo ó Servizo de Infraestruturas para que emitir o preceptivo informe, emitindo o mesmo na data 14/09/2022 recollendo que non xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada presentada, e non debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 15/09/2022, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

| Licitadores | Sobre "B" | | | | Puntuación sobre "B" |
|--|----------------------|-------------------|------------------|----------------------|----------------------|
| | Valoración económica | Prazo de garantía | Control calidade | UN-en ISO 9001/14001 | |
| CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L. | 18,55 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 33,55 |
| CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. | 15,10 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 30,10 |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 29,42 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 44,42 |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 25,38 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 40,38 |
| NAROM, S.L. | 26,19 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 41,19 |
| HORDESCON, S.L. | 8,57 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 23,57 |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L. | 22,90 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 37,90 |
| FRANCISGO GOMEZ Y CIA, S.L. | 24,08 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 39,08 |

Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)", que queda da seguinte maneira:

| Posición | Licitadores | Puntuación sobre "A" | Puntuación sobre "B" | Puntuación total |
|----------|--|----------------------|----------------------|------------------|
| 1 | EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 20,00 | 40,38 | 60,38 |
| 2 | MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 14,00 | 44,42 | 58,42 |



| | | | | |
|---|--|-------|-------|-------|
| 3 | NAROM, S.L. | 17,00 | 41,19 | 58,19 |
| 4 | FRANCISGO GOMEZ Y CIA, S.L. | 19,00 | 39,08 | 58,08 |
| 5 | CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L. | 20,00 | 37,90 | 57,90 |
| 6 | CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L. | 22,00 | 33,55 | 55,55 |
| 7 | CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. | 21,00 | 30,10 | 51,10 |
| 8 | HORDESCON, S.L. | 13,00 | 23,57 | 36,57 |

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm. 421) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)” á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.

Resultando.- Que requirida EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 31.585,48 € segundo queda acreditado en carta de pago de data de data 30/09/2022 con número de operación 202200195821.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)”, por un importe de 764.368,53 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

| | |
|------------------------|--------------|
| Importe ofertado | 631.709,53 € |
| IVE (21%) | 132.659,00 € |
| Importe Total..... | 764.368,53 € |

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez.

O prazo de execución será de SETE (7) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006123; número de expediente: 2022029859.

7.32168.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTES COS EXPEDIENTES FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-4515, FEDER-EELL-2020-4530 E FEDER-EELL-2020-004626 DO IDAE FINANCIADOS NUN 80 % POLO FEDER A TRAVES DO POCS 2014-2020. (Expte. 2022044656)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 12 de agosto de 2022, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto da *Renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER EELL-2020-004168, FEDER EELL-2020-004561, FEDER EELL-2020-004515, FEDER EELL-2020-004530, e FEDER EELL-2020-004626 do IDAE financiados nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020 (Expte. 2022044656)*, cos seguintes lotes:

| LOTE 1 "ILUMINACION EXTERIOR SOSTIBLE V" (FEDER_EELL_2020-004168) | | | |
|---|--|-------------|------------------------------|
| PROXECTO | Orzamento base de licitación (sen IVE) | IVE (21 %) | Orzamento base de licitación |
| Proxecto 1.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Agolada | 154.113,76 € | 32.363,89 € | 186.477,65 € |
| Proxecto 1.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Baiona | 146.585,24 € | 30.782,90 € | 177.368,14 € |
| Proxecto 1.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Barro | 147.763,95 € | 31.030,43 € | 178.794,38 € |
| Proxecto 1.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Bueu | 128.928,72 € | 27.075,03 € | 156.003,75 € |
| Proxecto 1.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Caldas de Reis | 176.459,59 € | 37.056,51 € | 213.516,10 € |
| TOTAL | 753.851,26 € | | 912.160,02 € |



| LOTE 2 "ILUMINACION EXTERIOR SOSTIBLE VI" (FEDER_EELL_2020-004561) | | | |
|--|--|-------------|------------------------------|
| PROXECTO | Orzamento base de licitación (sen IVE) | IVE (21 %) | Orzamento base de licitación |
| Proxecto 2.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Cambados | 194.314,52 € | 40.806,05 € | 235.120,57 € |
| Proxecto 2.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Crecente | 139.880,62 € | 29.374,93 € | 169.255,55 € |
| Proxecto 2.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Forcarei | 146.326,41 € | 30.728,55 € | 177.054,96 € |
| Proxecto 2.4 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de O Grove | 213.915,12 € | 44.922,18 € | 258.837,30 € |
| Proxecto 2.5 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de A Guarda | 36.481,59 € | 7.661,13 € | 44.142,72 € |
| TOTAL | 730.918,26 € | | 884.411,10 € |

| LOTE 3.- ILUMINACION EXTERIOR SOSTIBLE VII" (FEDER_EELL_2020-004515) | | | |
|--|--|-------------|------------------------------|
| PROXECTO | Orzamento base de licitación (sen IVE) | IVE (21 %) | Orzamento base de licitación |
| Proxecto 3.1 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Marín | 160.971,22 € | 33.803,96 € | 194.775,18 € |
| Proxecto 3.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Meaño | 158.819,25 € | 33.352,04 € | 192.171,29 € |
| Proxecto 3.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Meis | 153.281,78 € | 32.189,17 € | 185.470,95 € |
| Proxecto 3.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mondariz-Balneario | 115.824,37 € | 24.323,12 € | 140.147,49 € |
| TOTAL | 588.896,62 € | | 712.564,91 € |



| LOTE 4.-"ILUMINACION EXTERIOR SOSTIBLE VIII" (FEDER_EELL_2020-004530) | | | |
|--|--|-------------|------------------------------|
| PROXECTO | Orzamento base de licitación (sen IVE) | IVE (21 %) | Orzamento base de licitación |
| Proxecto 4.1 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mondariz | 108.100,36 € | 22.701,08 € | 130.801,44 € |
| Proxecto 4.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Moraña | 102.697,33 € | 21.566,44 € | 124.263,77 € |
| Proxecto 4.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mos | 73.115,53 € | 15.354,26 € | 88.469,79 € |
| Proxecto 4.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Poio | 145.773,57 € | 30.612,45 € | 176.386,02 € |
| Proxecto 4.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Ponte Caldelas | 144.765,33 € | 30.400,72 € | 175.166,05 € |
| TOTAL | 574.452,12 € | | 695.087,07 € |

| LOTE 5.- "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE IX" (FEDER_EELL_2020-004626) | | | |
|--|--|-------------|------------------------------|
| PROXECTO | Orzamento base de licitación (sen IVE) | IVE (21 %) | Orzamento base de licitación |
| Proxecto 5.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Portas | 220.619,19 € | 46.330,03 € | 266.949,22 € |
| Proxecto 5.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Valga | 118.845,80 € | 24.957,62 € | 143.803,42 € |
| Proxecto 5.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilanova de Arousa | 163.142,96 € | 34.260,02 € | 197.402,98 € |
| Proxecto 5.4 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilagarcía de Arousa | 164.781,67 € | 34.604,15 € | 199.385,82 € |
| TOTAL | 667.389,62 € | | 807.541,44 € |



O anuncio de licitación desde contrato publicouse no Perfil de Contratación con data 17/08/2022, así mesmo publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 16/09/2022, procedeu á apertura electrónica e cualificación do sobre “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, realizouse á apertura electrónica do sobre “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, das empresas que resultan admitidas.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B”, os técnicos do Servizo de Cooperación cos municipios, para que procedan a avaliar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento.

En data 21/09/2022 o xefe dos servizos técnicos de Cooperación cos municipios, emite dous informes un relativos as irregularidades detectadas na documentación presentada no sobre B un co CSV V8BR2XO34ZUIIRA, e outro de valoración do sobre B co csv: VYGAZOYD7WSZVHE2.

O secretario da Mesa na reunión de data 23/09/2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas relativas aos criterios de valoración mediante xuízos de valor segundo constan nos referidos informes emitidos polos técnicos do Servizo de Cooperación e a continuación procédesse a apertura do sobre C da documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que non resultaron excluídas.

Unha vez realizado o exame das referidas ofertas a Mesa de Contratación na súa sesión de data 29/09/2022, acordou propor ó órgano de contratación a exclusión das seguintes empresas do procedemento seguido para a adxudicación dos lotes 1, 2, 3, 4 e 5 e polos motivos recollidos no informe elaborado polo xefe dos servizos técnicos de Cooperación cos Municipios (csv: V8BR2XO34ZUIIRA6):

- *ACEINSA SALAMANCA, S.A. (ACEINSA) (lote nº 4 e lote nº 5).*
- *CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI, S.A. (CYMI) (lote nº 2, lote nº 4 e lote nº 5).*
- *MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE, S.L. (MEN) (lote nº 3 e lote nº 5).*
- *TECUNI, S.A.U. (lote nº 1, 2,3,4 e 5).*
- *UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – NOVELEC RIAS BAIXAS, S.L. (UTE PRACE-NOVELEC) “(lote nº 1, lote nº 2, lote nº 3 e lote nº 4).*



No mesmo acto, procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación dos 5 lotes do contrato polos prezos e valores ofertados para con un dos lotes.

Dita clasificación é a seguinte:

| Clasificación | Lote nº 1 | Sobre B | Sobre C | Total |
|---------------|----------------------------|---------|---------|--------|
| 1ª | UTE Sece-Eleuknon | 32 | 63,449 | 95,449 |
| 2ª | Electricidad Inmac Condado | 33 | 58,8 | 91,8 |
| Lote Nº 2 | | Sobre B | Sobre C | Total |
| 1ª | Electricidad Inmac Condado | 33 | 59,016 | 92,016 |
| 2ª | UTE Sece-Eleuknon | 32 | 54,879 | 86,879 |
| Lote Nº 3 | | Sobre B | Sobrec | Total |
| 1ª | Electricidad Inmac Condado | 33,00 | 59,233 | 92,233 |
| 2ª | UTE Sece-Eleuknon | 31,50 | 48,846 | 80,346 |
| Lote Nº 4 | | Sobre B | Sobre C | Total |
| 1ª | UTE Sece-Eleuknon | 32 | 65 | 97 |
| 2ª | Electricidad Inmac Condado | 33 | 58,464 | 91,464 |
| Lote Nº 5 | | Sobre B | Sobre C | Total |
| 1ª | UTE Sece-Eleuknon | 32,25 | 59,941 | 92,191 |
| 2ª | Electricidad Inmac Condado | 33 | 58,867 | 91,867 |

Mediante Resolución Presidencial número 2022006938 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación adoptada na reunión celebrada o día 29 de setembro de 2022 e require ás empresas *UTE Sociedad Española de construcciones eléctricas SA (Sece)-Elenkon Global SLU (lotes nº 1, 4 e 5) e Electricidad Inmac Condado SL (lotes nº 2 e 3)*, que presentan a mellor oferta nos respectivos lotes do contrato, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



As empresas *UTE Sociedad Española de construcciones eléctricas SA (Sece)-Eleukon Global SLU (lotes nº 1, 4 e 5)* e *Electricidad Inmac Condado (lotes nº 2 e 3)* presentaron a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistros entrada WEB 2022052355 e WEB 2022052344 de data 04/10/2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución das garantías definitivas polos seguintes importes:

| Lote | Empresa | Importe garantía | Carta de pago N° operación |
|------|--|------------------|--|
| 1 | UTE Sociedad Española de construcciones eléctricas SA (Sece)-Eleukon Global SLU: | 30.496,93€ | 202200202606 (12.198,77 €) 202200202674 (18.298,16 €) |
| 2 | Electricidad Inmac Condado SL | 30.515,83€ | 202200197489 |
| 3 | Electricidad Inmac Condado SL | 24.586,43€ | 202200197495 |
| 4 | UTE Sociedad Española de construcciones eléctricas SA (Sece)-Eleukon Global SLU: | 22.920,93€ | 202200202607 (9.168,37 €) 202200202568 (13.752,56 €) |
| 5 | UTE Sociedad Española de construcciones eléctricas SA (Sece)-Eleukon Global SLU: | 27.665,97€ | 202200202579 (11.066,39 €) 202200202583 (16.599,58 €) |

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicárase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación ás empresas: *ACEINSA SALAMANCA, S.A. (ACEINSA) (lote nº 4 e lote nº 5)*, *CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI, S.A. (CYMI) (lote nº 2, lote nº 4 e lote nº 5)*, *MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE, S.L. (MEN) (lote nº 3 e lote nº 5)*, *TECUNI, S.A.U. (lote nº 1, 2,3,4 e 5)*, *UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – NOVELEC RIAS BAIXAS, S.L. (UTE PRACE-NOVELEC) “(lote nº 1, lote nº 2, lote nº 3 e lote nº 4), polos motivos expostos no informe do xefe dos servizos técnicos do Cooperación cos Municipios (csv V8BR2XO34ZUIIRA6).*



2.- Adxudicar os cinco lotes do contrato de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER EELL-2020-004168, FEDER EELL-2020-004561, FEDER EELL-2020-004515, FEDER EELL-2020-004530, e FEDER EELL-2020-004626 do IDAE financiados nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020 as empresas que a continuación se detallan conforme ao seguinte detalle:

- Lote nº1 (Iluminación exterior sostible V) a UTE Sociedad Española de construcciones eléctricas SA (Sece)-Eleukon Global SLU, polos seguintes importes e de acordo coas seguintes condicións ofertadas:

| Empresa adxudicataria | Importe (sen IVE) | IVE (21%) | Importe total |
|---|-------------------|-------------|---------------|
| UTE Sociedad Española de construcciones eléctricas SA (Sece)-Eleukon Global SLU | 609.938,65 € | 128.087,12€ | 738.025,77 € |

-Melloras incluídas na opción B
 -Prazo de garantía ofertado: 60 meses

- Lote nº2 (Iluminación exterior sostible VI) a empresa Electricidad Inmac Condado SL (CIF:B36.803.384) polos seguintes importes e de acordo coas seguintes condicións ofertadas:

| Empresa | Importe (sen IVE) | IVE (21%) | Importe total |
|-------------------------------|-------------------|--------------|---------------|
| Electricidad Inmac Condado SL | 610.316,75 € | 128.166,52 € | 738.483,27 € |

-Melloras ofertada na opción B
 -Prazo de garantía ofertado: 60 meses

- Lote nº3 (Iluminación exterior sostible VII) a empresa Electricidad Inmac Condado SL (CIF:B36.803.384) polos seguintes importes e de acordo coas seguintes condicións ofertadas:

| Empresa adxudicataria | Importe (sen IVE) | IVE (21%) | Importe total |
|-------------------------------|-------------------|-------------|---------------|
| Electricidad Inmac Condado SL | 491.728,68 € | 96.267,91 € | 554.686,54 € |

-Melloras ofertadas na opción B
 -Prazo de garantía ofertado: 60 meses



- Lote nº 4 (Iluminación exterior sostible VIII) a *UTE Sociedad Española de construcciones eléctricas SA (Sece)-Eleukon Global SLU*: polos seguintes importes e de acordo coas seguintes condicións ofertadas:

| Empresa adjudicataria | Importe (sen IVE) | IVE (21%) | Importe total |
|---|-------------------|-------------|---------------|
| UTE Sociedad Española de construcciones eléctricas SA (Sece)-Eleukon Global SLU | 458.418,63 € | 96.267,91 € | 554.686,54 € |

- Melloras incluídas na opción B
- Prazo de garantía ofertado: 60 meses

- Lote nº 5 (Iluminación exterior sostible IX) a *UTE Sociedad Española de construcciones eléctricas SA (Sece)-Eleukon Global SLU*: polos seguintes importes e de acordo coas seguintes condicións ofertadas:

| Empresa adjudicataria | Importe (sen IVE) | IVE (21%) | Importe total |
|---|-------------------|--------------|---------------|
| UTE Sociedad Española de construcciones eléctricas SA (Sece)-Eleukon Global SLU | 553.319,47 € | 116.197,09 € | 669.516,56 € |

- Melloras incluídas na opción B
- Prazo de garantía ofertado: 60 meses

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.1650.652.15 e 22/942.1650.652.15.2021. do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento:

Fitos de facturación:

O pagamento efectuarase mediante certificacións mensuais polo importe dos traballos executados obtida das correspondentes medicións e aplicando a porcentaxe de baixa correspondente ao prezo de adjudicación de cada lote.

Certificacións mensuais polo valor da obra realizada, obtida da súa medición a que se aplicará a porcentaxe de baixa tendo en conta o prezo de adjudicación de cada lote.

A porcentaxe de baixa será a mesma para todas as obras que forman parte dun mesmo lote e obterase en función do prezo de adjudicación dese lote.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

| | | | | | |
|-----------------|-------------------------------|----------------------|----------------------|-------------------|-----------|
| Administración: | L02000036 (CIF: P3600000H) | Nº de expte e lote | 2022044656 Lote_____ | | |
| Órgano xestor: | LA0006138 | Unidade tramitadora: | LA0006135 | Oficina contable: | LA0006135 |

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: . O Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Eugenio José Marcote Carballo ou persoa na que delegue.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



8.32169.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DO LOTE NÚMERO 12 CORRESPONDENTE O SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ITINERARIOS FORMATIVOS QUE INCLÚEN FORMACIÓN CONDUCENTE A OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE NO MARCO DO PROXECTO LABORA 2020 (3ª CONVOCATORIA). (Expte. 2021045563)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2022, adxudicou, por lotes, o contrato para a prestación do servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto “Labora 2020” cofinanciado polo FSE ao 80% no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE), resultando adxudicataria do lote nº 12.- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (Tomiño.- aulas do concello) á empresa Moba Skill Training SL (B-32.327.934) asinándose o contrato e entrando en vigor o día 13/04/2022 cunha duración de 8 meses.

O Xefe do Servizo de Promoción de emprego e desenvolvemento local comunica ao Servizo de contratación que con data 22/07/2022 adoptouse entre a empresa Moba Skill Training SL e o Xefe do Servizo de Promoción de emprego e desenvolvemento local, un acordo para a resolución do lote 12.- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (Tomiño.- aulas do concello) do Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto “Labora 2020” cofinanciado polo FSE ao 80% no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE).

Os termos do acordo adoptado, segundo consta na acta da reunión celebrada son os seguintes:

“Con data 13 de abril do 2022 formalízase o contrato coa empresa Moba Skill Training SL (CIF B-32.327.934) relativo ao lote 12 “Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (Tomiño-aulas do concello)” dentro do procedemento aberto para a contratación do “Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación correspondente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto Labora 2020. Tras a formalización do contrato procedeuse á captación e selección de participantes de acordo ao disposto no PPT e PCAP. Non obstante, aínda tendo seleccionadas as persoas para iniciar o itinerario correspondente debido a causas sobrevidas non puido iniciarse debido á renuncia do persoal docente proposto pola empresa adxudicataria e validado no seu día no aplicativo SIFO da Xunta de Galicia. Realizadas diversas búsquedas tanto por parte da empresa como da Deputación de Pontevedra non foi posible atopar outro docente acreditado na especialidade de acordo ao disposto no documento contractual e nos pregos.

En consecuencia, os representantes da empresa Moba Skill Training SL (CIF B-32.327.934) e da Deputación de Pontevedra manifestan a súa conformidade coa resolución do contrato polas causas anteriormente comentadas.

De acordo co anteriormente exposto e ao amparo do recollido no artigo 211 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público: “Son causas de resolución de contrato: (...) c) O mutuo acordo entre a administración e o contratista.(...)”.



Faise constar na presente acta que ao non ter iniciado a impartición da referida acción formativa, o contratista adxudicatario presta a súa conformidade á resolución do contrato, renunciando a indemnizacións económicas de todo tipo e a non iniciar expedientes relativos á resolución do contrato referenciado, a cal se tramita de mutuo acordo coa administración contratante, á vista dos motivos expostos.

Así mesmo, acórdase a devolución da fianza depositada no seu día que ascende á contía de 1.223,86 €.

Os asistentes á reunión a distancia comunican a súa conformidade coa proposta de resolver o contrato e coa devolución da correspondente fianza”.

Visto o informe emitido polo Xefe do Servizo de Promoción de emprego con data 31/08/2022 que indica o seguinte: “Tras a formalización do contrato procedeuse á captación e selección de participantes de acordo ao disposto no PPT e PCAP. Non obstante, aínda tendo seleccionadas as persoas para iniciar o itinerario correspondente debido a causas sobrevidas non puido iniciarse debido á renuncia do persoal docente proposto pola empresa adxudicataria e validado no seu día no aplicativo SIFO da Xunta de Galicia. Realizadas diversas procuras tanto por parte da empresa como da Deputación de Pontevedra non foi posible atopar outro docente acreditado na especialidade de acordo ao disposto no documento contractual e nos pregos.

A imposibilidade de conseguir docentes para o inicio deste curso de formación non implica un incumprimento culpable por parte do contratista Moba SKill Training SL (CIF B-32.327.934), xa que a falta de persoal docente ven derivada da falta de alumnado previa no momento de iniciar o itinerario formativo. Deste xeito, non se pode esixir que a empresa adxudicataria dispoña dun docente acreditado de maneira continuada no tempo cando en diversos momentos desde a sinatura do contrato o propio contratista ofreceu diversas posibilidades ao respecto. A circunstancia da falta de alumnado provocou retrasos que, á súa vez derivaron na falta de dispoñibilidade de profesorado.

Deste xeito, incumpriuse unha das condicións do contrato establecida no apartado “Impartición” do punto 3 do Prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto “LABORA 2020” cofinanciado polo FSE ao 80% no contexto do Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE).

O artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (en adiante LCSP) establece que, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de acordar a resolución dos contratos administrativos e determinar os efectos desta.

O Código Civil, na Teoría xeral dos contratos no título II, dentro do seu libro IV “As obrigas e contratos” (do art. 1215 ao art. 1314), establece o principio de autonomía da vontade; así, o artigo 1.255 do CC sinala que: “Os contratantes poden establecer os pactos, cláusulas e condicións que teñan por convinte sempre que non sexan contrarios ás leis, á moral nin ao orde público”.

Así mesmo o artigo 34 da LCSP regula a liberdade de pactos como segue: “1. Nos contratos do sector público poderán incluírse calesqueira pactos, cláusulas e condición sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e a os principios de boa administración.



Estes pactos, froito da autonomía de vontade das partes, así como aquelas condicións definidoras dos dereitos e obrigas das partes do contrato, deben ser incluídos nos pregos de cláusulas administrativas particulares como así se prevé no artigo 122 da LCSP.

A cláusula 5 d) do prego de cláusulas económico-administrativas establece como causa de resolución do contrato que o número de alumnos seleccionados non alcance o mínimo de 10 persoas esixidas pola Xunta de Galicia para a formación conducente a certificados de profesionalidade.

Visto o informe emitido polo Xefe do Servizo de contratación de data 5/09/2022, (csv 1GGUN0X21JU93NOI), polo que se considera, de acordo co disposto no artigo 1.255 do Código Civil e nos artigos 190, 34 e 122 da Lei de contratos do Sector Público, así como ao previsto no prego de cláusulas económico-administrativas que rexen o contrato (cláusula 3.5), conforme a dereito proceder a resolución do citado contrato e consecuentemente a devolución das correspondentes garantías depositadas.

Vistos, así mesmo, os informes emitidos pola Secretaria Xeral con data 9/09/2022 (csv 9BCS70DGWTCJ0RPN) e pola intervención con data 23/09/2022 (csv C01NCCFSTV3P9A43) polos que se informa favorablemente a resolución do citado contrato, pondo de manifesto, así mesmo por parte da intervención que *“Ademais, consta que a empresa adxudicataria constituíu no seu día a garantía definitiva para responder do cumprimento do contrato por importe de 1.223,86 € para o lote 12 (núm. operación 202200043175).”*

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións e servizos que superen o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Resolver o contrato formalizado coa empresa Moba Skill Training SL (CIF B-32.327.934) para a prestación do servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade (3^a convocatoria) no marco do proxecto “Labora 2020” cofinanciado polo FSE ao 80% no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE), correspondente ao lote nº 12.- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (Tomiño.- aulas do concello).

2.- Proceder á devolución ou cancelación da garantía definitiva constituída pola empresa Moba Skill Training SL (CIF B-32.327.934) para responder do cumprimento do citado contrato, por importe de 1.223,86 € que figura depositada na caixa da Deputación con carta de pago con número de operación 202200043175.



9.32170.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DO LOTE NÚMERO 13 CORRESPONDENTE O SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ITINERARIOS FORMATIVOS QUE INCLÚEN FORMACIÓN CONDUCENTE A OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE NO MARCO DO PROXECTO LABORA 2020 (3ª CONVOCATORIA). (Expte. 2021045563)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2022, adxudicou, por lotes, o contrato para a prestación do servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto “Labora 2020” cofinanciado polo FSE ao 80% no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE), resultando adxudicataria do lote nº 13.- Seguridade informática (Nigrán.- aulas do concello) á empresa G12 Grupo Empresarial de Servizos SL asinándose o contrato e entrando en vigor o día 13/04/2022 cunha duración de 8 meses.

O Xefe do Servizo de Promoción de emprego e desenvolvemento local comunica ao Servizo de contratación que con data 22/07/2022 adoptouse entre a empresa G12 Grupo Empresarial de Servizos SL e o Xefe do Servizo de Promoción de emprego e desenvolvemento local un acordo para a resolución do lote 13.- Seguridade informática (Nigrán.- aulas do concello) do Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto “Labora 2020” cofinanciado polo FSE ao 80% no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE).

Os termos do acordo adoptado, segundo consta na acta da reunión celebrada (csvJPXR44PJM1MHUNLZ), son os seguintes:

“Con data 13 de abril do 2022 formalízase o contrato coa empresa G12 Grupo Empresarial de Servizos SL (CIF B-36.993.509), relativo ao lote 13 “Seguridade informática (Nigrán.-aulas do concello)” dentro do procedemento aberto para a contratación do “Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación correspondente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto Labora 2020”.

Tras a formalización do contrato procedense á captación e selección de participantes de acordo ao disposto no PPT e PCAP. Non obstante, realizadas diversas sondaxes co Servizo Público de Emprego, así como outras medidas de captación e difusión tanto por parte do contratista como da Deputación de Pontevedra non se consegue captar e seleccionar a un mínimo de 10 participantes para levar a cabo a acción formativa de acordo ao disposto no documento contractual e nos pregos.



En consecuencia, os representantes da empresa G12 Grupo Empresarial de Servicios SL (CIF B-36.993.509) e da Deputación de Pontevedra manifestan a súa conformidade coa resolución do contrato indicado por non contar co mínimo de participantes a pesar de ter realizado diversas sondaxes co Servizo Público de Emprego, así como outras medidas de captación e difusión.

De acordo co anteriormente exposto e ao amparo do recollido no artigo 211 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público: "Son causas de resolución de contrato: (...) c) O mutuo acordo entre a administración e o contratista.(...)".

Faise constar na presente acta que ao non ter iniciado a impartición da referida acción formativa, o contratista adxudicatario presta a súa conformidade á resolución do contrato, renunciando a indemnizacións económicas de todo tipo e a non iniciar expedientes relativos á resolución do contrato referenciado, a cal se tramita de mutuo acordo coa administración contratante, á vista dos motivos expostos.

Así mesmo, acórdase a devolución da fianza depositada no seu día que ascende á contía de 1.502,90 €. Os asistentes á reunión a distancia comunican a súa conformidade coa proposta de resolver o contrato e coa devolución da correspondente fianza".

Con data 31/08/2022 o Xefe do Servizo de Promoción de Emprego emite informa que “Tras a formalización do contrato procedeuse á captación e selección de participantes de acordo ao disposto no PPT e PCAP. Non obstante, realizadas diversas sondaxes co Servizo Público de Emprego, así como outras medidas de captación e difusión tanto por parte do contratista como da Deputación de Pontevedra non se conseguín captar e seleccionar a un mínimo de 10 participantes para levar a cabo a acción formativa de acordo ao disposto no documento contractual e nos pregos.”

O artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (en adiante LCSP) establece que, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de acordar a resolución dos contratos administrativos e determinar os efectos desta.

O Código Civil, na Teoría xeral dos contratos no título II, dentro do seu libro IV “As obrigas e contratos” (do art. 1215 ao art. 1314), establece o principio de autonomía da vontade; Así, o artigo 1.255 do CC sinala que: “Os contratantes poden establecer os pactos, cláusulas e condicións que teñan por convinte sempre que non sexan contrarios ás leis, á moral nin ao orde público”. Así mesmo o artigo 34 da LCSP regula a liberdade de pactos como segue: “1. Nos contratos do sector público poderán incluírse calesqueira pactos, cláusulas e condición sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e a os principios de boa administración. Estes pactos, froito da autonomía da vontade das partes, así como aquelas condicións definidoras dos dereitos e obrigas das partes do contrato, deben ser incluídos nos pregos de cláusulas administrativas particulares como así se prevé no artigo 122 da LCSP.



A cláusula 5 d) do prego de cláusulas económico-administrativas así como a cláusula 14 establecen como causa de resolución do contrato que o número de alumnos seleccionados non alcance o mínimo de 10 persoas esixidas pola Xunta de Galicia para a formación conducente a certificados de profesionalidade.

Visto o informe emitido polo Xefe do Servizo de contratación de data 31/08/2022 (csv 1ABRIDTUDIGCU2JJ) polo que se considera, de acordo co disposto no artigo 1.255 do Código Civil e nos artigos 190, 34 e 122 da Lei de contratos do Sector Público, así como ao previsto no prego de cláusulas económico-administrativas que rexen o contrato (cláusula 3.5), conforme a dereito proceder a resolución do citado contrato e consecuentemente a devolución das correspondentes garantías depositadas.

Vistos, así mesmo, os informes emitidos pola Secretaria Xeral con data 5/09/2022 (csv 9BCS70DGWTCJ0RPN) e pola intervención con data 23/09/2022 (csv 0E3YB4HK8IOOELFD) polos que se informa favorablemente a resolución do citado contrato, pondo de manifesto, así mesmo por parte da intervención que *“Ademais, consta que a empresa adxudicataria constituíu no seu día a garantía definitiva para responder do cumprimento do contrato por importe de 1.502,90 € para o lote 13 (núm. operación 202200043178).”*

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións e servizos que superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Resolver o contrato formalizado coa empresa G12 Grupo Empresarial de Servicios SL (CIF:B36.993.509) para a prestación do servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto *“Labora 2020”* cofinanciado polo FSE ao 80% no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE), correspondente ao lote nº 13.-Seguridade informática (Nigrán.- aulas do concello)

2.- Proceder á devolución ou cancelación da garantía definitiva constituída pola empresa G12 Grupo Empresarial de Servicios S.L. (B-36.993.509) para responder do cumprimento do citado contrato, por importe de 1.502,90 € que figura depositada na caixa da Deputación con carta de pago con número de operación 202200043178.



10.32171.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, CONSULTORES INFORMÁTICOS DE PONTEVEDRA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SERVIZO DE SOPORTE PARA A PLATAFORMA DE EQUIPOS INFORMÁTICOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.20190005329). (Devogarán 2021060333)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 2 de outubro de 2020 (CSV: 7TTR1QKLOZJUAP63), adxudicouse, entre outros asuntos, o contrato relativo a “*Servizo de soporte para a plataforma de equipos informáticos da Deputación de Pontevedra*” (Expte.2020005329).

Para responder da realización deste contrato, a empresa *Consultores Informáticos De Pontevedra, S.L.* (CIF.- B-36100337), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 3.000,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202000167203 de data 25/09/2020.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo servizo de Contratación no cal informa que finalizado o contrato e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na realización do contrato, o que procede é a devolución da mesma.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Consultores Informáticos De Pontevedra, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de soporte para a plataforma de equipos informáticos da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2020005329), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de 3.000,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 25/09/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000167203.

11.32172.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VIVENDA NO CONCELLO DE CAMBADOS (Expte. 2021034295)

Dada conta que con data de rexistro de entrada 23/06/2021 (rex. núm. 2021015785), o Concello de Cambados trasladou a esta Deputación reclamación de responsabilidade patrimonial, formulada por D^a. Ana Purriños Álvarez en representación de *Ocaso, S.A. Compañía de Seguros y Reaseguros* (Póliza nº 2528359), por danos en vivenda, sita no Lugar A Bouza nº 89 – Castrelo (estrada provincial E.P. 9006 Bouza-O Facho), do citado Concello, producidos por inundación, o día 30/01/2019, a consecuencia do atasco nunha arqueta da rede xeral de saneamento, e que cuantificou economicamente en 1.970 €.

Resultando.- Que con data 27/07/2021, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 04/08/2021 co seguinte contido literal:

PRIMEIRO .-O Lugar A Bouza nº 89 en Castrelo-Cambados está situado no punto quilométrico 0+250 (marxe esquerda) da estrada provincial EP 9006 BOUZA O FACHO que forma parte da rede provincial de estradas.





LUGAR A BOUZA N° 89 – CASTRELO (Punto quilométrico 0+250)

SEGUNDO.- Segundo o escrito que se achega coa reclamación “EL SINIESTRO TIENE SU OCURRENCIA A CAUSA DEL ATASCO DE UNA ARQUETA DE LA RED GENERAL DE SANEAMIENTO DEL AYUNTAMIENTO, LOCALIZADA EN EXTERIOR DE LA VIVIENDA ASEGURADA EN PÓLIZA”.

Á vista do detallado na solicitude e unha vez realizada a inspección do lugar, compróbase que a arqueta existente diante da vivenda afectada pertence á rede de saneamento municipal, polo que o desbordamento parece ter a súa orixe na obstrución desta rede municipal de saneamento.





Como se pode comprobar na foto que se achega a continuación, a rede de pluviais diante da vivenda non está canalizada.

Adoptar as medidas necesarias para dotar ao viario dun adecuado sistema de evacuación de augas pluviais e garantir o correcto funcionamento de rede de drenaxe forma parte das competencias en materia de estradas do Servizo de Infraestruturas e Estrada Provinciais do organismo provincial, pero a vista do sinalado non é posible que a avaría que provocou os danos obxecto da reclamación xurdiran na nosa rede.



Dentro das competencias dos Municipios, os servizos e mantemento é un área municipal que, dentro dos concellos, se encarga de que todas as infraestruturas de carácter público e as dependencias municipais se atopen nun estado óptimo de conservación e limpeza adecuados. Por outro lado inspeccionar, controlar e dirixir os servizos públicos concedidos ou contratados a tal fin.

De entre todos eles, cabe destacar as competencias en materia de medio urbano (parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos, etc.), así como o abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e o tratamento das augas residuais.

En particular, entre as actuacións que realizan os municipios, o Servizo Municipal de Saneamento terá as seguintes obrigas:

- a) Proxectar, conservar e explotar as obras e instalacións necesarias para recoller, conducir e no seu caso, depurar as augas residuais que permitan a súa vertedura ás canles públicas con arranxo ás condicións que se prevén neste Regulamento e noutras disposicións aplicables, cos recursos e medios dispoñibles e cos que no futuro arbiñense.*
- b) Ter en bo estado de funcionamento as instalacións que permitan a evacuación, transporte e tratamento das augas residuais.*
- c) Xestión económica e administrativa do servizo de mantemento.*
- d) Aplicar as tarifas que, en cada momento, teña aprobadas a Autoridade competente.*
- e) Controlar os caudais e composición das augas residuais de modo que cumpran as condicións e prescricións técnicas establecidas na normativa vixente e conforme ás instrucións dos órganos competentes.*
- f) Non permitir as verteduras das augas residuais, tanto domésticas como industriais, que non se suxeiten ás normas e disposicións establecidas, aínda nos supostos de recepción obrigatoria do servizo.*

Á vista do enunciado neste apartado, resulta evidente que debería ser o concello (con medios propios ou a través da empresa concesionaria do servizo) o responsable de garantir o correcto funcionamento da rede de saneamento, subsanar a incidencia na estrada provincial e proceder á reparación dos danos provocados polo desbordamento na arqueta existente.

TERCEIRO.- Este servizo non foi notificado do accidente obxecto da reclamación nin dos danos producidos pola avaría na rede de saneamento.



Nos anos 2018 e no que levamos do ano 2021 non existen partes de incidencias nin avisos nesa estrada provincial. A continuación, achegamos os partes filtrados para esa estrada provincial nos anos 2019 e 2020:

Partes de incidencias para vías e obras

| | | | | | | |
|--------------------|-----------------|-------------------|----------------------|---------|----------|--------------------------------|
| Nº de Parte | Registro | 28/10/2019 | 14:00 | alberto | CAMBADOS | Centro |
| 2019 | 440 | Comunicado | 28/10/2019 | 14:00 | alberto | Bouza - O Facho (Castrelo) 0.2 |
| | | Finalizado | 28/10/2019 | 15:44 | 01128 | Fariña |
| | | Comunica | 112 - SOS GALICIA | | | |
| | | Notas | Acude toda a Brigada | | | |
| Finalizado | | Incidencia | ACEITE NA CALZADA. | | | |

Partes de incidencias para vías e obras

| | | | | | | |
|--------------------|-----------------|-------------------|---|-------|----------|--------------------------------|
| Nº de Parte | Registro | 11/01/2020 | 08:36 | 01127 | CAMBADOS | Centro |
| 2020 | 16 | Comunicado | 11/01/2020 | 08:39 | 01127 | Bouza - O Facho (Castrelo) 0.5 |
| | | Finalizado | 11/01/2020 | 08:58 | 01127 | Riveiro |
| | | Comunica | 112 - SOS GALICIA | | | |
| | | Notas | Chama o 112 ás 08:58 para anulalo. Retira a pedra Protección Civil. | | | |
| Finalizado | | Incidencia | Pedra de grandes dimensións caída dun muro por mor dun accidente de tráfico | | | |

CUARTO.- Por todo o anteriormente exposto, conclúese que non existía constancia de ningún perigo que puidera incidir na seguridade viaria da estrada provincial na data sinalada, polo que non procedía por parte deste servizo a sinalización do mesmo.

Este servizo non traballou na reparación do atasco e se descoñece quen finalmente resolveu a incidencia, nin en que consistiron as medidas adoptadas.

María Belén Pampín Camino

Enxeñeiro

Daniel Romay Díaz

Director de Infraestruturas e Vías Provinciais-----

Resultando.- Que con datas 11/08/2022 e 14/09/2022, e con fundamento no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, conferiuse ó Concello de Cambados un prazo de dez días para que puidera comparecer como interesado e realizar as alegacións que tivera por convenientes, constando no expediente a notificación dos emprazamentos, co acceso polo interesado ó seu contido, nas datas 11/08/2022 e 15/09/2022, sen que ata a data de adoptarse o presente acordo se tivera recibido contestación ningunha por parte do citado Concello.



Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación e á tardanza na comparecencia ós emprazamentos.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015 e 91.2 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- Na propia instancia presentada perante o Concello de Cambados refire a reclamante que os danos se produciron a consecuencia dun atasco nunha arqueta da rede xeral de saneamento do Concello, que provocou un retroceso nas augas servidas que afloraron polo desagüe do inodoro e anegaron o baño e as estancias colindantes.
- O informe pericial achegado polo reclamante xunto coa instancia recolle como causa dos danos o atasco dunha arqueta da rede xeral de saneamento do Concello, localizada no exterior da vivenda.
- No informe do Servizo de Infraestruturas da Deputación, de data 04/08/2021, recóllese que realizada a inspección do lugar, compróbase que a arqueta existente diante da vivenda afectada pertence á rede de saneamento municipal, polo que o desbordamento parece ter a súa orixe na obstrución desta rede municipal de saneamento.
- Compróbase, asemade, que a rede de pluviais diante da vivenda non está canalizada.
- Á vista do sinalado na instancia non é posible que a avaría que provocou os danos obxecto da reclamación tivera a súa orixe na rede da Deputación.
- Dentro das competencias dos Municipios, os servizos e mantemento é un área municipal que, dentro dos concellos, se encarga de que todas as infraestruturas de carácter público e as dependencias municipais se atopen nun estado óptimo de conservación e limpeza adecuados. Por outro lado inspeccionar, controlar e dirixir os servizos públicos concedidos ou contratados a tal fin, entre os que se atopa o abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e o tratamento das augas residuais.



- Entre as actuacións que realizan os municipios, o servizo municipal de saneamento terá a obriga de ter en bo estado de funcionamento as instalacións que permitan a evacuación, transporte e tratamento das augas residuais.
- Á vista de todo o anteriormente sinalado, resulta evidente que debería ser o concello (con medios propios ou a través da empresa concesionaria do servizo) o responsable de garantir o correcto funcionamento da rede de saneamento, subsanar a incidencia e proceder á reparación dos danos provocados polo desbordamento na arqueta existente.
- Este servizo non foi notificado do incidente obxecto da reclamación nin dos danos producidos pola avaría na rede de saneamento.
- A Deputación non reparou o atasco, descoñecéndose quen finalmente resolveu a incidencia, nin en que consistiron as medidas adoptadas.

Considerando.- Que non pode a Deputación facerse cargo dos danos ocasionados aínda que sexa a titular da vía sobre a que se atopa a arqueta, toda vez que o obxecto da reclamación é una avaría na rede de saneamento municipal da que non se tivo constancia, non podendo imputárselle responsabilidade a esta Administración pola mera detención material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle no seu artigo 25.2, letra c) como competencias propias do Municipio o abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e tratamento de augas residuais, e este servizo, á súa vez, pode ser prestado a través dunha concesión por una empresa. Así o artigo 288, letra c), da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece como obriga do concesionario a de indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.

Por iso, no presente caso a responsabilidade recae sobre o Concello de Cambados ou sobre a empresa concesionaria do servizo, motivo polo cal a solicitude de indemnización debe ser rexeitada.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.




12.32173.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NA E.P. 5003 NO CONCELLO DE ARBO (Expte. 2022004962)

Dada conta que con data de rexistro 02/02/2022 (rex. núm. WEB2022003788) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. José Manuel Rodríguez Álvarez en representación de *D^a. Marta Francisco Márquez*, por danos en vehículo producidos a consecuencia dunha árbore caída sobre a calzada da estrada provincial E.P. 5003, no Concello de Arbo, o día 29/10/2021 e que cuantificou economicamente en 8.032,06 €.

Resultando.- Que con data 04/03/2022 e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas da Deputación que o emitiu na data 06/04/2022, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- O punto do accidente localízase no p.q.12+020 da EP-5003, estrada pertencente á rede de estradas provinciais.



SEGUNDO.- O accidente foi por choque cunha árbore de gran porte que se atopaba cruzada na calzada. O servizo de emerxencias 112 deu aviso á Guardia Civil e ó Servizo de Conservación da Deputación, que se presentou no lugar para proceder á retirada da árbore e limpeza da calzada, deixando constancia nun parte de accidentes interno do Servizo de Conservación. No mesmo accidente viuse implicado outro vehículo que tamén chocou contra a árbore.



O pavimento estaba mollado, era de noite e non é unha zona iluminada. Pola noite houbo un temporal de vento, xa que ademais desta árbore na estrada, no talude obsérvanse outras árbores caídas que non chegaron á estrada.



TERCEIRO.- O punto no que ocorreu o accidente está permitido o adiantamento, sendo unha recta. A sinalización antes e despois do lugar indica perigo curvas e recomenda velocidades máis baixas (60 e 40 km/h).

CUARTO.- A árbore caída na calzada procede dunha parcela contigua a un vial local que accede á estrada provincial na marxe dereita do p.q. 12+000.

En todo caso, a árbore se encontraba situada fóra do dominio público viario da estrada provincial.



As parcelas lindieras coa estrada compatibles na zona de localización da árbore, segundo os datos que figuran no catastro, son as seguintes:

PARCELA N°1:

Referencia catastral 36001A059005140001DZ

Localización LG BALOUTA-MOURENTAN Suelo Polígono 59 Parcela 514AS REGADAS. 36437 ARBO (PONTEVEDRA)

TITULARIDADE:

Apellidos Nombre/Razón Social EN INVESTIGACION

Domicilio fiscal PZ OURENSE (DE) ARBO 36002 PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)

Derecho 100,00% de Propiedad

Fecha de modificación en Catastro 07/03/2012

Fecha de la alteración 13/11/2009

PARCELA N°2:

Referencia catastral 36001A059005140000SB

Localización Suelo Polígono 59 Parcela 514 AS REGADAS. ARBO (PONTEVEDRA)

TITULARIDADE:

Apellidos Nombre/Razón Social EN INVESTIGACION

Domicilio fiscal PZ OURENSE (DE) ARBO 36002 PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)



Derecho 100,00% de Propiedad
Fecha de modificación en Catastro 07/03/2012
Fecha de la alteración 13/11/2009

QUINTO.- O tempo que tardou a brigada en ir ao lugar do sinistro foi de 45 minutos dende o aviso, quedando a calzada libre de obstáculos ás 08:45 h. (achégase parte de accidentes).

M^a. Elena Pérez Alonso

Enxeñeiro

Daniel Romay Díaz

Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais-----

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido a coincidencias con períodos vacacionais e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- Segundo o consignado no informe estatístico do Destacamento de O Porriño, aportado polo reclamante xunto coa instancia, chovía forte, polo que a superficie do firme se atopaba mollada.
- Asemade, era de noite e sen iluminación.
- A visibilidade atopábase restrinxida pola configuración do terreo sendo as marxes arboradas.
- Segundo o recollido polo Servizo de Infraestruturas da Deputación no seu informe de data 06/04/2022, o pavimento estaba mollado, era de noite e sen iluminación.
- No parte de accidentes achegado xunto co citado informe sinalase a presenza de néboa lixeira e choiva forte.
- Esa noite houbo un temporal de vento e, ademais desta árbore, obsérvanse no talude outras árbores caídas que non chegaron á estrada.
- A árbore procede dunha parcela contigua a un vial local que accede á estrada provincial na marxe dereita do p.q. 12+000.
- En todo caso, a árbore encontrábase situada fóra do dominio público viario da estrada provincial.



Considerando.- Que polos argumentos esgrimidos no anterior considerando, o accidente sería imputable a un suposto de forza maior, caracterizado doutrinalmente polos elementos de externalidade e irresistibilidade en síntese de imprevisibilidade e inevitabilidade, ó que é alleo esta Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír as consecuencias indemnizatorias pola mera detentación material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos, pois é sabido que existe un estándar medio de risco predicable de calquera actividade humana ó que non é allea a conducción de vehículos a motor.

Considerando.- Que segundo o Informe Estadístico do Destacamento de O Porriño, achegado pola reclamante xunto coa instancia, chovía con forza e o firme se atopaba mollado, recolléndose ademais no informe de Infraestruturas que esa noite houbo un temporal de vento, observándose outras árbores caída no talude que non chegaron á estrada, –á vista das fotografías realizadas tralo accidente polo Servizo de Conservación de Estradas, o accidentado debeu presumir que podería atoparse cunha árbore caída– factores todos eles concorrentes que inducen a pensar que, de terse adecuado a velocidade ás circunstancias esixidas polas condicións meteorolóxicas e polo estado da vía, o accidente podería non terse producido, o que fai descansar a responsabilidade no condutor do vehículo, vinculada coa forza maior. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, “todo conductor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, A FIN DE ADECUAR LA VELOCIDAD DE SU VEHÍCULO A LAS MISMAS, DE MANERA QUE SIEMPRE PUEDA DETENERLO DENTRO DE LOS LÍMITES DE SU CAMPO DE VISIÓN Y ANTE CUALQUIER OBSTÁCULO QUE PUEDA PRESENTARSE”.

Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: *“1. Se circulará a velocidad moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:*

k) En los casos de niebla densa, lluvia intensa...

Pola súa banda, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”

En idénticos termos exprésase o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor como a los demás ocupantes del vehículo y al resto de usuarios de la vía. Queda terminantemente prohibido conducir de modo negligente o temerario”*.

Artigo 18.1: *“...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”*



Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. en supostos idénticos ou similares, fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía mais aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa limpeza ou reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada de conservación e mantemento da vía tardou aproximadamente 45 minutos en chegar ao lugar do accidente para proceder á limpeza da vía, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 202/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que as sentenzas 148/16, 85/21 e 9/22, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, as sentenzas 113/12, 220/17, 193/21 e 76/22, ditadas polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2, e a 213/12 e mais a recentísima 197/22, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos de Pontevedra, e todas sobre supostos con identidade de razón (caída de árbore na estrada), eximiron de toda responsabilidade a esta Deputación.

Considerando.- Que no informe do Servizo de Infraestruturas da Deputación de data 06/04/2022, relaciónanse as parcelas lindeiras coa estrada e compatibles coa existencia dos elementos que orixinaron o accidente, polo que ó abeiro do artigo 1.902 do Código Civil, podería, de ser o caso (cuestión que esta Deputación non prexulga), esixírselle ós seus propietarios a hipotética responsabilidade no eido da xurisdición civil.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.




13.32174.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS LESIÓNS E DANOS MATERIAIS NO CONCELLO DE PONTEAREAS (Expte. 2022048299)

Dada conta que con data 15/07/2022 (núm. rex. WEB2022040261), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Miguel Esteban López de Quintana en representación de D. José Carlos Nogueira González, por lesións e danos en vehículo producidos en accidente de motocicleta a consecuencia da irrupción dun xabaril na E.P. 4004, acceso á Igrexa de Guláns, no Concello de Ponteareas, o día 20/07/2021, e que non foi cuantificada economicamente.

Resultando.- Que con data 07/09/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 15/09/2022, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Compróbase que a localización do punto indicado onde tivo lugar o sinistro atópase nunha estrada de titularidade local, e fora da zona de afección das estradas provinciais, polo que a Deputación Provincial non ten competencias en materia de estradas nese punto.



A estrada provincial EP-4004 trazada en azul na imaxe dista bastante do lugar do accidente referido no atestado da Guardia Civil cos seguintes datos de localización indicados polos axentes de atestados:

LONXITUDE : -8.5532492

LATITUDE: 42.1551872.

Dito lugar, marcado en amarelo na imaxe, pertence a un vial local, de competencia municipal. (Concello de Ponteareas).

María Elena Pérez Alonso

Enxeñeiro

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante ela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en estradas que non sexan da súa titularidade demanial.

Considerando.- Que o presente acordo cumpriente o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.



14.32175.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

A) Vista a relación de facturas con número 2022061123, que contén 1 factura e por un importe de 445,98 €, e con CSV: N5FRNAX9XVC1YZ03, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 29/09/2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

| | |
|--|----------|
| Importe total..... | 445,98 € |
| Descontos do IRPF..... | 0,00 € |
| Descontos do IVE soportado deducible..... | 0,00 € |
| Descontos do honorarios técnicos externos..... | 0,00 € |
| Outros descontos..... | 0,00 € |
| Total líquido..... | 445,98 € |

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

B) Vista a relación de facturas con número 2022061126, que contén 30 facturas e por un importe de 133.839,20 € e con CSV: O82YFNM2ZLVTSLPK, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 29/09/2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

| | |
|--|--------------|
| Importe total..... | 133.839,20 € |
| Descontos do IRPF..... | 0,00 € |
| Descontos do IVE soportado deducible..... | 0,00 € |
| Descontos do honorarios técnicos externos..... | 0,00 € |
| Outros descontos..... | 0,00 € |
| Total líquido..... | 133.839,20 € |

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



15.32176.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

Vista a relación de facturas con número 2022061112, que contén 3 facturas e por un importe de 580,54 €, con CSV: GT43W7ZXFB2O6SEM, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 29/09/2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

| | |
|---|----------|
| Importe total | 580,54 € |
| Descontos do IRPF..... | 0,00 € |
| Descontos do IVE soportado deducible | 0,00 € |
| Descontos do honorarios técnicos externos | 0,00 € |
| Outros descontos | 0,00 € |
| Total líquido | 580,54 € |

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

16.32177.- APROBACIÓN E ACEPTACIÓN DO PROXECTO CONECTA LAB, PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS A LABORATORIOS E INCUBADORAS DE CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS PREVISTAS NA ORDE CUL/2912/2010, DE 10 DE NOVEMBRO CONVOCADAS PARA OS ANOS 2022-2023, CONVOCATORIA QUE SE ENMARCA NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (Expte. 2022015089)

O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa “NextGeneration EU” dotado con 750.000 millóns de euros, un instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus, desenvolto conforme ao Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, que constitúe o núcleo deste Fondo de Recuperación.

Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e investimentos necesarias para cumprir cos obxectivos do citado Plan.

Neste contexto, o 4 de xaneiro de 2022, publicouse no Boletín Oficial do Estado (BOE nº3), o extracto da Resolución do 30 de decembro de 2021 da Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, pola que se convocan para o ano 2022 axudas para laboratorios e incubadoras de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais a celebrarse



en 2022 e 2023, ao amparo do disposto nos artigos 19, 20 e 23 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do Cinema, e na Orde CUL/2912/2010, do 10 de novembro, reservándose a tales efectos a cantidade de 9.000.000 euros, imputables ao crédito dispoñible na aplicación do Programa 33XA «Cultura. Mecanismo de Recuperación e Resiliencia» do Organismo Autónomo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais correspondente aos exercicios 2022 e 2023.

Con data 8 de marzo de 2022, co fin de levar a cabo actuacións de promoción cultural na provincia de Pontevedra, apoiar o auxe do audiovisual galego rodado na nosa provincia e coa premisa transversal nas nosas políticas culturais de apoiar á creación contemporánea, a Deputación de Pontevedra, en consorcio con CREA Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización, presentou o Proxecto Conecta LAB aos efectos de optar ás axudas a laboratorios e incubadoras de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais previstas na devandita Orde.

Con Resolución do 21 de xullo a Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais acordou a concesión de axudas para laboratorios e incubadoras de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais a celebrarse en 2022 e 2023, entre os que figuraba o Proxecto Conecta LAB.

Que o Proxecto Conecta LAB ten un orzamento total para os exercicios 2022 e 2023 de 269.000,00 €, sendo a cofinanciación acordada pola Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais 182.920,00 €. Que para a Deputación de Pontevedra o orzamento total ascende a 134.500 € e a cofinanciación 91.460,00 €.

Considerando o informe xurídico favorable da Xefatura do Servizo de Cultura, do 3 de outubro de 2022, que sinala o ámbito competencial do proxecto e determina como competencias propias das deputacións provinciais calquera actividade cuxa finalidade sexa ou fomento da cultura e educación, segundo o previsto no artigo 118 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Considerando ademais, que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo con as competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Nesta mesma liña, o artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Considerando que o Proxecto Conecta LAB ten como obxectivo o acompañamento e impulso de proxectos audiovisuais, e os seus creadores/as, a través da organización de talleres de formación, ciclos de clases maxistras, encontros de networking e representación sectorial. Deste xeito, CONECTA LAB promoverá a realización de asesorías creativas, formacións e talleres de Pitch para dotar a creadores/as da información máis actual para abordar o mercado con proxectos competitivos.



Considerando a existencia de interese público lexítimo dadas as competencias propias das deputacións provinciais e a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial a través do Proxecto Conecta LAB.

Que consta no expediente a memoria de actividade que se achegou na solicitude para a aprobación do proxecto, para a consecución dos fitos e obxectivos marcados na convocatoria e na documentación do proxecto presentada.

Considerando o Informe da Intervención Xeral do 4 de outubro de 2022.

Por todo o exposto, vistos os informes preceptivos favorables, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación e aceptación do Proxecto Conecta LAB, presentado á convocatoria de axudas a laboratorios e incubadoras de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais previstas na Orde CUL/2912/2010, de 10 de novembro convocadas para os anos 2022-2023, convocatoria que se enmarca no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o proxecto denominado “Proxecto Conecta LAB”, cofinanciado pola Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, ao amparo do disposto nos artigos 19, 20 e 23 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do Cinema, e na a Orde CUL/2912/2010, do 10 de novembro, co alcance previsto no presente informe e na documentación do proxecto dispoñible no expediente.

Segundo.- Propoñer a xeración de crédito polos importes do proxecto (subvención e fondos propios), abrindo as aplicacións e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gastos”.

Terceiro.- Aprobar a realización das accións ou trámites que sexan necesarios para asumir a achega provincial ao presente proxecto.

17.32178.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 23/09/2022 (ACORDO Nº 11.32131), RELATIVO Á “ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO, SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME ALUGUER, E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS LUMÍNICOS ORNAMENTAIS PARA A CAMPAÑA DE NADAL EN DIVERSOS EDIFICIOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2022024852)

Mediante acordo da Xunta de Goberno número 11.32131 de data 23 de setembro de 2022 acordouse a adxudicación, mediante procedemento aberto, do contrato do “Servizo de deseño, subministración en réxime aluguer, e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra.



Resultando que en dito acordo advertiuse un erro na financiación do contrato.

Considerando que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, da cordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, A Xunta de Goberno acorda por unanimidade rectificar o citado acordo nº 11.32131 da Xunta de Goberno no seguinte senso:

Onde di:

“Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2022 financiaranse con cargo á aplicacións orzamentarias 22/457.4500.22799 para o lote 1; 22/433.3363.22799 correspondente ao lote 2 e 22/232.2312.22799 correspondente ao lote 3, do vixente orzamento provincial.”

Debe dicir:

“Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2022 financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

| LOTES | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--------|--|--------------|
| Lote 1 | 22/457.4500.227.99 (Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo) | 30.050,11 € |
| Lote 2 | 22/433.4320.227.99 (Palacete das Mendozas) | 11.072,92 € |
| | 22/433.3360.227.99 (Castelo de Soutomaior) | 49.977,50 € |
| | 22/433.3363.227.99 (Castelo de Sobroso) | 7.555,10 € |
| Lote 3 | 22/232.2312.227.99 (Centro Príncipe Felipe) | 18.926,34 €” |



18.32179.- AUTORIZACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “TRASLADO DO PARQUE DE MAQUINARIA AO POLÍGONO DE BARRO”, NO MARCO DAS ACTUACIÓNS DE RESTAURACIÓN AMBIENTAL DA XUNQUEIRA DE ALBA ENCARGADAS Á EMPRESA TRAGSA COMO MEDIO PROPIO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte.2021064404)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2021 (acordo nº 14.31135), encargou á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa dito encargo, de conformidade cos pregos de prescricións técnicas, os orzamentos retarifados e os proxectos que obran no expediente administrativo da súa razón.

Entre ditas actuacións atópase a derivada do traslado do parque de maquinaria ao Polígono de Barro (proxecto elaborado por PROYFE S.L., co CSV OEBZS8YTU4ZIS5ND), cun prazo de execución de oito (8) meses, contado desde a data de formalización da acta de comprobación do reformulo, acto que tivo lugar o 31 de xaneiro de 2022 entre os representantes da empresa e a dirección facultativa, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o 30/09/2022.

Con data 6 de setembro de 2022 tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra (nº de rexistro web2022045836), escrito da empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P. solicitando unha ampliación do prazo na execución da obra por un período de CINCO (5) MESES, motivado pola necesidade de comprobación e revisión da estrutura, polos problemas de abastecemento de materias primas e compoñentes electrónicos de construción, así como polos retrasos sufridos na loxística de distribución de materiais a nivel mundial. Ademais, a conxuntura actual provocou que algunha das licitacións levadas a cabo por dita empresa quedasen desertas demorando a subministración de material.

Con data 09/09/2022 a dirección da obra emitiu informe recollendo que as causas alegadas de demora non son imputables á empresa, e que as características técnicas das obras non se verán afectadas por esta ampliación, entendendo xustificada a concesión da prórroga solicitada.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión celebrada o 16 de setembro de 2022, adoptou o acordo de conceder á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, unha prórroga de CINCO (5) MESES na execución do proxecto de traslado do Parque de Maquinaria ao Polígono de Barro, establecendo como data para finalizar a obra o 28 de febreiro de 2023.



En data 04/10/2022 a dirección facultativa emite informe no que expón a situación das obras de traslado do Parque de maquinaria da Deputación de Pontevedra ao Polígono de Barro e as discrepancias xurdidas entre o recollido no proxecto e a realidade da obra que non podían ser previstas nin na comprobación do reformulo nin durante a supervisión do proxecto.

Así, debido a estas circunstancias, a dirección facultativa da obra considera necesario solicitar ao órgano competente a autorización para a redacción do correspondente documento técnico que describa as citadas modificacións.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E PROCEDENCIA DA AUTORIZACIÓN

O réxime xurídico dos encargos a medios propios ven determinado polos artigos da LCSP dedicados a estes (artigos 32 e 33), e en relación a TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, pola disposición adicional 24ª da LCSP e polo R.D. 69/2019, de 15 de febreiro.

As relacións de TRAGSA cos poderes adjudicadores dos que son medios propios teñen natureza instrumental e non contractual, polo que a todos os efectos son de carácter interno, dependente e subordinado, estando obrigada a realizar, con carácter exclusivo, os encargos que aqueles lles encomenden.

O importe das obras, traballos, subministracións, estudos e proxectos realizados por TRAGSA se determinará aplicando ás unidades directamente executadas polo medio propio as tarifas correspondentes, atendendo ao coste efectivo soportado polo medio propio para as actividades obxecto do encargo que se subcontraten con empresarios particulares (disposición adicional 24ª da LCSP, en relación cos artigos 6 e ss. do R.D. 69/2019).

O artigo 11.6 do RD 69/2019, de 15 de febreiro, sinala que nos encargos cuxo obxecto sexa a execución de obras, liquidaranse a TRAGSA os excesos de obra executada sen necesidade de tramitar unha modificación do encargo cando as variacións consistan no número de unidades realmente executadas sobre as prevista nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do orzamento contido na formalización do encargo, imposto sobre o Valor Engadido ou equivalente excluído.

A constatación do cumprimento do encargo e, cando proceda, a recepción da prestación se realizarán de acordo co establecido no artigo 210 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En canto ao procedemento aplicable ás modificacións e outras incidencias dos encargos a medios propios, haberá de estar ao establecido no documento de formalización xa que nos atopamos ante unha relación de carácter interno e non contractual.



Unha vez modificado o proxecto ou, simultaneamente, procederáse a modificación do encargo que deberá ser aprobada polo órgano encomendante.

No presente expediente consta a posibilidade expresa de modificar o encargo como consecuencia da necesidade de modificar o proxecto sen que aquela, de acordo cos prezos unitarios- segundo tarifa-nos que se descompón o orzamento do medio propio, poida superar a porcentaxe do 20% da cantidade fixada inicialmente.

En data 4/10/2022 a dirección facultativa emite informe no que expón que a medida que avanza os traballos se observan as primeiras discrepancias entre o recollido no proxecto e a realidade da obra, discrepancias que non podían ser previstas nin na comprobación do reformulo nin durante a supervisión do proxecto posto que aparecen progresivamente tralo inicio dos traballos e que se poden encadrar en dúas categorías:

a) Tarefas incluídas na documentación técnica do proxecto (prego, memoria, planos, descompostos de unidades...etc) pero cuxa medición non concorda coa realidade da obra, toda vez que se inician os traballos das mesmas, polo que a partida imputada no orzamento non cubre os costes reais.

b) Tarefas non incluídas no proxecto, debido a inexactitudes do mesmo respecto da realidade física atopada tralo inicio das obras, que a xuízo da dirección facultativa deben ser executadas para que unha vez finalizadas as mesmas o parque de maquinaria poda ser utilizado en boas condicións.

Así mesmo estima que, a falta dun orzamento de execución material definitivo, o proxecto modificado terá un importe inferior ao 20% do orzamento inicial cumprindo o establecido ao respecto no encargo.

Vistos os informes do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal (CSV: MZJFWVPFBI85GUY) e da Dirección facultativa da obra (CSV:IVP9RK3SWTUBIZWK) nos que se xustifica a necesidade da redacción do proxecto modificado obxecto do presente acordo.

Tendo en conta que por similitude coa modificación do contrato de obra (coas adaptacións ou especificidades que correspondan ao tratarse dun encargo a un medio propio), resulta necesario solicitar do órgano encomendante autorización para iniciar o correspondente expediente que se substanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións:

- a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- b) Audiencia á empresa e ao redactor do proxecto, polo prazo mínimo de tres días.
- c) Aprobación do expediente polo órgano encomendante, así coma dos gastos complementarios precisos.



Considerando os artigos 32 e ss e a disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público así como o R.D. 69/2019, de 15 de febreiro, polo que se regula o réxime xurídico de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC.

Á vista do exposto, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Autorizar a redacción do proxecto modificado da obra “*Traslado do Parque de Maquinaria ao Polígono de Barro*”, no marco das actuacións de restauración ambiental da Xunqueira de Alba encargadas á empresa TRAGSA como medio propio da Deputación de Pontevedra, nos termos expostos no informe emitido pola dirección facultativa da obra que figura no expediente administrativo da súa razón.

Unha vez aprobado o proxecto modificado ou, simultaneamente, procederase á modificación do encargo que deberá ser aprobada polo órgano encomendante.

Segundo. Darlle traslado do presente acordo á empresa TRAGSA S.A., S.M.E., MP, e aos Servizos de Arquitectura, Contratación e Asistencia Intermunicipal.

19.32180.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

20.32181.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

